

RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE SETEMBRO DE 2021 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES CONCEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE OBRADOIROS NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2021/2022 NO CAMPUS DE VIGO

Por resolución reitoral do 16 de xuño de 2021, foi publicada a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso académico 2021/2022, e unha vez rematado o prazo de alegacións e de acordo coas competencias conferidas, esta reitoría **RESOLVE:**

1. **Aprobar a publicación da listaxe definitiva das solicitudes concedidas** para a organización de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2021/2022 no campus de Vigo (véxase o anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 26/05/2020 (D.O.G. do 4 de xuño)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

(asinada electronicamente)

Natalia Caparrini Marín



Anexo I
Solicitudes concedidas

Título do obradoiro	Nome e apelidos
Palabras máxicas: A vida secreta da canción de amor	Susana Rodríguez Barcia
Obradoiro básico de identificación de cogomelos	Paula Estévez Caride
Obradoiro avanzado de identificación de cogomelos	María Cabaleiro Alfaya
Comunícate coas mans II. Lingua e cultura da comunidade xorda (Nivel II)	Ana María Fernández Soneira
Oratoria e Comunicación para profesionais	Gustavo Carlos Peláez Lourido

